



---

**Pensarmos**

# **Maggy Barrère Unzueta**

## **Dereitos e discriminación na “nova normalidade”: unha mirada iusfeminista**

---

**Consello da Cultura Galega**  
Santiago de Compostela  
21 de setembro de 2022



Posverdade, fascismos dixitais, tecnopersoas, precarización da vida, perda de liberdades, deterioración medioambiental, poshumanismo.... Enchemos de novos termos os andeis do noso pensamento. Asistimos a unha proliferación de palabras e conceptos para enfrontarnos a unha época convulsa.

A economía do efémero demándanos respostas rápidas e simples ante problemas complexos. Pensar sen présas ou debater ideas e visións diversas do mundo ficaron convertidas en actividades de luxo ou en ideas románticas doutros tempos. Agora todo semella moverse na inmediatez das redes.

Porén, o pensamento necesita tempos de encontro, de compartir devagar perspectivas e dúbidas. Propoñémosvos neste ciclo de charlas, debates e intercambio de ideas un tempo compartido para a reflexión, para abordar os problemas da actualidade, para facer redes de conexións e contribuír a que sexamos un pouco máis libres. O vello dictum ilustrado, sapere aude, hoxe deveu máis necesario que nunca. “Atrévete a pensar” é un exercicio a contracorrente, unha pequena revolución cotiá.

Quedades convidadas e convidados a un espazo compartido de reflexión e análise crítica do mundo que nos tocou vivir. Se pensar vos presta, agardámosvos cunha única condición, a predisposición a gozar das palabras compartidas. Iniciado en 2019, o ciclo Pensarmos continúa no ano 2021 cada cuarto xoves de mes para ofrecernos a oportunidade de encontrarnos con nomes relevantes no pensamento actual que establecerán un diálogo tanto con integrantes da Sección de Pensamento do Consello da Cultura Galega como co público asistente sobre temas tan vixentes como feminismo, fascismos, verdade, intimidade, investigación, precariedade ou humanismo.

## Programa

---

18:00 horas

Presentación

**Celia Pereira Porto**, coordinadora da Sección de Pensamento do CCG

18:15 horas

*Dereitos e discriminación na “nova normalidade”: unha mirada iusfeminista*

**Maggy Barrère Unzueta** dialoga con **Xermán Varela**

**Maggy Barrère Unzueta**

Donostia, 1957. Catedrática de Filosofía do Dereito e directora da Clínica Jurídica por la Justicia Social da Facultade de Dereito da Universidad del País Vasco (UPV/EHU). As súas publicacións versan sobre a filosofía analítica, o dereito antidiscriminatorio, o iusfeminismo e a revisión das ensinanzas xurídicas. Entre as últimas destacan: *Feminismo y Derecho. Fragmentos para un Derecho antidisbordinadorio* (2019); *La violencia de género desde una perspectiva sistémica y su proyección en la cultura jurídica* (2019); *La introducción de la interseccionalidad en el derecho con especial referencia a la legislación sobre igualdad de mujeres y hombres* (2021); *Discriminación, género e interseccionalidad en el Derecho Penal (2021) e Igualdad y no discriminación en tiempo de pandemia* (2021, en coautoría).

**Xermán Varela Castejón**

Pontevedra, 1975. Maxistrado dende 2001, participou na dirección da *Revista Xurídica Galega*, membro de Xueces y Juezas por la Democracia, Grupo de Estudios de Política Criminal e Grupo de Estudos Xudiciais. Membro da comisión que redactou o *Diccionario Xurídico Galego*. A súa actividade profesional e publicacións céntranse en aspectos de Dereito Procesual e Dereito Penal.

**Organiza**

Sección de Pensamento (CCG)  
Consello da Cultura Galega

**Coordina**

Celia Pereira Porto

**Lugar**

Consello da Cultura Galega  
Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro, s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

**Inscripción**

A inscrición é gratuíta.  
O número de prazas é limitado.  
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

**Máis información**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)  
[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)  
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

**Organiza:**

